

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN MORAL E CATÓLICA

2º PRIMARIA

CEIP DE CARNOTA
CURSO 2021-2022

Mª Zoila Piñeiro Sendón

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
2. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	6
4. OBXECTIVOS POR CURSO.....	13
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	13
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.....	16
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	17
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	18
9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.....	20
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	21
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	22
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.....	22

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

-ADAPTACIÓN Ó PROTOCOLO COVID-19

Dadas as circunstancias actuais dadas pola Covid-19, vémonos na necesidade de facer unhas modificacións na metodoloxía, instrumentod de avaliación, e recursos. Botaremos man de posibles circunstancias que se poidan dar con respecto a modo de impartir as clases (presencial, semi-presencial, on line). Non se planteará o feito dun Plan de recuperación nesta área ó traballar a materia de forma cíclica.

Sendo que a que a planificación do ensino está relacionada coas decisións que o mestre/a debe tomar antes de iniciar o desenvolvemento da mesma, ou o que é igual, con todas aquelas funcións, actividades ou decisións relacionadas co proceso educativo que se deben determinar antes de pór en práctica as distintas actividades cos alumnos/as.

O ensino da Relixión Católica axudará aos alumnos/as a ampliar os espazos da racionalidade e a adoptar unha actitude de apertura ao sentido relixioso da vida, sexa cal sexa a súa manifestación concreta.

- Análise do contorno.

O CEIP DE CARNOTA está ubicado na capital do concello. O seu principal medio de comunicación é a estrada AC-552, de Fisterra a Santiago. Dista 65 quilómetros da capital da provincia.

A poboación desprázase habitualmente a Cee e Muros onde se atopan os principais servizos, coma o hospital, facenda, xulgado, etc. A poboación está concentrada en diversos núcleos de poboación non moi distanciados.

Tradicionalmente é unha zona dunha forte emigración. Hai pais e nais teñen estudos primarios, algúns ata teñen estudos secundarios e incluso universitarios. Hainos que traballan por conta allea.

As actividades económicas, maioritariamente, están relacionadas con mar e servizos.

O centro está adscrito ao IES “Lamas de Castelo” de Cee.

- Análise do centro educativo.

O noso centro atópase en Carnota preto da casa do concello.

Instalacións:

-Primeiro andar do edificio do colexio: aula de informática e de medios audiovisuais; sala de mestres; comedor; conserxerías; servizos; aula de música; aula de Audición e Linguaxe; aula para alumnos/as con necesidades educativas especiais; biblioteca ;as tres aulas dos tres cursos de Educación Infantil; as dúas aulas de sexto de Educación Primaria.

-Segundo andar do edificio do colexio: con seis aulas destinadas ós outros cursos de Educación Primaria; aula de Orientación.

-Patio cuberto.

-Patio de recreo, con xogos infantís.

-Edificio anexo ou ximnasio.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico como a *dimensión cultural e histórica*, presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropológico-axiológico que

gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Tamén a *dimensión ético-moral*, que é a que fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade e todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo. Ademais da *dimensión humanizadora* que faculta ao alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. E a *dimensión epistemolóxica*, sendo os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

3. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Criterio de Avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área (Indicador mínimo de logro)	T1	T2	T3	<i>Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación</i>	c.c
REC-B4.3	2º-REC-B.4.3.1 - Relaciona a unidade da Igrexa coa a unidade dos órganos do seu propio corpo.	Asocia a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC

REC-B4.3	2º-REC-B.4.3.2 - Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como Pai de todos.	Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como Pai de todos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCEC CSC
REC-B4.4	2º-REC-B.4.4.1 - Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.	Constrúe o calendario litúrxico.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CSC
REC-B1.1	2º-REC-B1.1.1 - Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e as persoas da súa contorna.	Valora aquilo que o fai feliz a él e ás persoas do seu contorno.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC
REC-B1.2	2º-REC-B1.2.1 - Descubre a nomea situacións nas que necesita das persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.	Recoñece situacións nas que precisa a Deus e ás persoas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	CSC CCL

						INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
REC-B1.3	2º-REC-B1.3.1 - Valora e agradece que Deus creoulle para ser feliz.	Agradece que Deus o creou para ser feliz.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
REC-B1.4	2º-REC-B1.4.1 - Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.	Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC CSC CCL
REC-B1.4	2º-RECB-1.4.2 - Identifica e representa gráficamente os dons que Deus fai ao home na Creación.	Recoñece os dons que Deus nos regalou na Creación.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CSC
REC-B1.4	2º-REC-B1.4.3 - Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratuidade de Deus pola súa amizade.	Agradece a Deus a súa amizade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CLC CSC

						INSTRUMENTOS: Produccións orais.	
REC-B2.1	2º-REC-B2.1.1 - Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.	Recoñece en relatos bíblicos a acción de Deus na historia.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA CCL CSC
REC-B2.1	2º-REC-B2.1.2 - Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.	Representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.	CCEC
REC-B2.2	2º-REC-B2.2.1 - Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.	Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CD CCL CSC

REC-B2.2	2º-REC-B2.2.2 - Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.	Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.</p>	CCEC CSC
REC-B2.3	2º-REC-B2.3.1 - escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.	Expresa de xeito sinxelo momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL CSC
REC-B3.1	2º-REC-B3.1.1 - Le e expresa, verbal ou gráficamente o relato da Anunciación.	Comprende o relato da Anunciación.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CCL CSC CCEC
REC-B3.1	2º-REC-B3.1.2 - Dramatiza a misión dos personaxes que interviñen na Anunciación.	Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CCEC CSC

						INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.	
REC-B3.2	2º-REC-B3.2.1 - Identifica os signos do Advento como tempo de espera.	Identifica os signos do Advento como tempo de espera.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC CSC
REC-B3.2	2º-REC-B3.2.2 - Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.	Valora a espera como parte da vida.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
REC-B3.3	2º-REC-B3.3.1 - Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.	Coñece o relato do nacemento de Xesús.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC CSC CCL
REC-B4.1	2º-REC-B4.1.1 - Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.	Coñece o sentido do Bautismo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos	CSC CCL

					alumnos/as.	
					INSTRUMENTOS: Diario de clase. Posta en común.	
REC-B4.1	2º-REC-B4.1.2 - Identifica aos pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.	Identifica aos pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.			X PROCEDIMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL
REC-B4.2	2º-REC-B4.2.1 - Asocia os elementos materiais do auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.	Asocia os elementos materiais do auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.			X PROCEDIMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC

4. OBXECTIVOS POR CURSO

- Buscar a felicidade na vida recoñecendo a incapacidade de alcanzala por si sós.
- Recoñecer a bondade de Deus Pai ao crear o home para que sexa feliz.
- Comprender a amizade de Deus coa humanidade a través do Paraíso.
- Recoñecer e identificar nos relatos bíblicos a acción de Deus na historia
- Ver en Deus Pai a vida dos Patriarcas: protección, coidado e acompañamento.
- Valorar na figura de Deus a busca da salvación do home.
- Recoñecer a resposta de María a Deus e valorala.
- Comprender o que significa o tempo Advento.
- Afondar no sentido do Nadal.
- Identificar o Bautismo como a vía de entrada na Igrexa.
- Recoñecer e identificar os signos do Bautismo.
- Identificar o Pai como figura de unidade na Igrexa.
- Afondar no coñecemento dos tempos litúrxicos.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Dados os diferentes escenarios que poidan xurdir, botaremos man da Aula virtual, páxina web do cole, correos electrónicos e wasapas das familias, por se en algún momento as clases non se poidan facer completamente presenciais (nas que teremos en conta a distancia de

seguridade dos alumnos entre eles a hora de realizar calquera tarefa sexa individual ou grupal. Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, diariamente os alumnos/as adicarán un tempo á lectura.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

Teremos en conta ademais:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, mobilizando os coñecementos previos, e a memorización comprensiva.
- Posibilitar situacións de aprendizaxes motivadoras, que teñan sentido para o alumno.

Na nosa práctica docente incidiremos nos seguintes principios:

- Metodoloxía activa, buscando a integración dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxes.
- Motivación, partindo dos intereses, demandas e necesidades do alumnado.
- Fomento das actividades grupais, co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Fomentar as actividades básicas e instrumentais, imprescindibles e funcionais, seleccionando aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
- Gradación das actividades: garantir uns mínimos para todos e na medida do posible, desenvolver as potencialidades de cadaquén.
- Facilitar e promover a transferencia de coñecementos lingüísticos desde a lingua materna á outra lingua oficial.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper un ritmo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.

-Autonomía na aprendizaxe: procurar que o alumno aprenda a aprender, participando na planificación e na toma de decisións sobre a aprendizaxe.

-Coherencia na transición entre niveis, reforzando contidos aprendidos no curso anterior, e abrindo novos horizontes cara o vindeiro.

A metodoloxía específica de cada área será concretada nas programacións de aula respectivas.

As actividades, exercicios e tarefas especificaranse na programación de aula.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.

- Distribución espazo-temporal:

Dependendo das actividades que se realicen en cada momento e do tipo de agrupamento (individual, pequeno-grupo, grupo-aula, ou gran grupo) que requira o seu desenvolvemento, colocaremos o mobiliario da aula adecuándonos ás actividades propostas .

A distribución do tempo será flexible, respetando os ritmos individuais de cada neno/a. Naturalmente, sí secuenciarei as actividades no tempo tendo en conta o horario dos alumn@s pero non cunha temporalización demasiado ríxida, xa que ésta non favorecería en absoluto unha metodoloxía globalizada como a que se pretende levar a cabo.

- Recursos:

• Recursos materiais:

Funxibles: lápices, cartulinas, cola, regra, tesoiras, pegamento, folios...

Específicos: libros, cadernos e materiais e obxectos manipulables específicos.

Novas tecnoloxías: ordenador, recursos interactivos...

- Recursos materiais:
- Recursos persoais: contaremos co apoio na aula da mestra PT e a de AI e sacarán da aula para traballar aos alumnos que o precisen.

Os **libros de texto** empregados en 2º de EP para o curso será da Editorial Edebé, en galego.

Seguiremos as indicacións do Protocolo COVID-19 á hora do seu uso e mantemento.

7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A avaliación é unha actividade que forma parte do proceso educativo guiándoo e reconducíndoo. Tendo en conta:

- A Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia,

- A Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre competencias, contidos e criterios de avaliación na Educación Primaria,

- O Decreto 105/2014, de 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia,

a avaliación que levaremos a cabo ó longo do proceso educativo será global e continua.

A principal técnica de avaliación a empregar será a observación directa do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, así como do proceso de ensinanza. A información será recollida mediante fichas de rexistro, anecdotarios e rúbricas. Outro tipo de avaliación que se levará a cabo será a autoavaliación ao final de cada unidade xa que é indispensable para lograr que o alumnado acade certa autonomía e se implique responsablemente no proceso de aprendizaxe, ademáis de que elabore xuízos e criterios persoais.

Ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe, a avaliación levarase a cabo en tres momentos diferenciados:

- Avaliación inicial: o fin é coñecer as ideas previas, capacidades e actitudes do alumnado.
- Avaliación continua ou formativa: que permitirá adecuar o proceso educativo ás necesidades dos alumnos/as.
- Avaliación sumativa ou final: o obxectivo será comprobar o grado de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/as.

-Criterios de cualificación:

-60% da nota: probas de adquisición e dominio de contidos que se realizarán para cada avaliación. Calcularase a nota media ponderada das cualificacións obtidas en todas as probas realizadas durante a avaliación.

-40%da nota: valorarase a realización das actividades propostas; contestación aos exercicios prácticos; participación en traballos de grupo;debates; e a actitude cara a materia, aos compañeiros e aos Mestres.

En canto aos **criterios de promoción**, o alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do/da alumno/a.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

-Procedementos para avaliar a propia programación.

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento da programación na aula.
- Relación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.
- Adecuación dos anteriores ás necesidades reais.
- Aprendizaxes acadadas polos alumnos.
- Medidas de atención á diversidade.
- Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais.
- Coordinación entre o profesorado.

-Indicadores de logro para a práctica docente.

Empregando **indicadores de logro**, estableceremos os aspectos a valorar, para analizar e mellorar a nosa labor docente. Deste xeito, poderemos reconducir o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Estes indicadores que se valorarán ao concluir cada unidade didáctica, farán alusión a:

- Progreso global do alumnado segundo o seu nivel inicial, con especial atención ao alumnado con NEAE.
- Adecuación do nivel dos contidos traballados ás características do alumnado.
- Nivel de satisfacción do alumnado coas actividades.
- Distribución de recursos (materiais, temporais, espaciais...).
- Dificultade da posta en práctica de todas as actividades programadas.

	Acadados	Acadados parcialmente	Sen acadar
Temporalización			
Motivación por parte do alumnado			
Motivación por parte do mestre			
Contextualización e adaptabilidade do traballado á vida cotiá.			

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Coa intención de saber cales son os coñecementos previos do alumnado ao comezo do novo curso, así como o grao de adquisición das competencias clave, sobre todo no desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e na competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, realizaranse unha serie de probas nas áreas de matemáticas, lingua galega e lingua castelá. A avaliación inicial realizarase preferentemente durante a primeira semana do mes de outubro.

Na área de matemáticas realizaranse actividades onde se traballarán, entre outros, os números naturais (descomposición, lectura, escritura, ordenación,...); operacións básicas de sumas e restas; así como a resolución de problemas da vida cotiá.

En canto ás áreas de lingua, aparte dos contidos básicos, desenvolverase tanto a comprensión e a expresión oral e escrita.

Deste xeito, conseguiremos un punto de partida para comezar a traballar, tanto de forma individualizada como de forma colectiva; e así, afianzar aquelas aprendizaxes nas que o alumnado ten dificultades e comezar o desenvolvemento das competencias e ampliación de coñecementos deste novo curso.

No caso de que algún alumno ou alumna presente dificultade no desenvolvemento dalgunha competencia ou non acade os obxectivos anteriores aos necesarios para poder continuar os do novo curso, valoraremos a posibilidade de que reciba apoio na aula e/ou reforzo educativo por parte da mestra de PT ou AL; así como, a colaboración da orientadora se fose preciso.

Teremos en conta as indicacións do Protocolo COVID-19, e no caso de que non poda ser presencial avaliarase segundo os traballos dos rapaces que envíen.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O grupo de alumnos/as ao que vai dirixida esta programación é heteroxéneo, á dicir, seus estilos de aprendizaxe, capacidades para aprender, intereses, motivacións y ritmos de aprendizaxe son diferentes. Polo que, é preciso que a ensinanza sexa individualizada, creando distintos modos de resposta que atendan ás diferentes necesidades do alumnado.

Dentro da diversidade presente na aula, existen catro alumnos que repiten curso polo que se prestará especial atención a súa evolución e as posibles necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso.

No caso de que algún alumno preciso reforzo dentro da aula traballarase con él seguindo as seguintes liñas de actuación:

- Atención individualizada por parte do mestre sobre os aspectos das diferentes materias nos que o alumno/a presente carencias.
- Tarefas nas que se traballarán e profundizarán aspectos nos que os alumnos presenten problemas, tratando de correxir os fallos detectados para evitar que istos queden fosilizados. Segundo as necesidades do alumno, estas actividades poden ser realizadas de forma guiada polo mestre ou ben de forma máis autónoma.

Dun modo similar, para o alumnado aventaxado, teranse preparadas actividades de ampliación cun maior grado de complexidade.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Concíbense as actividades complementarias e extraescolares como unha parte fundamental do proceso de ensinanza-aprendizaxe, no sentido de que non só permiten fundamentar e complementar as actividades de aula, senón que son un elemento moi importante na inserción e integración do alumnado nos grupos básicos de referencia a nivel escolar (grupo-clase, centro) e no seu contorno próximo.

Neste curso escolar 2017-2018 realizaremos algunha saída que iremos propoñendo en cada trimestre. Traballaremos a nivel de aula e/ou centro, as efemérides que aparecen no calendario escolar para o curso académico 2017-2018 (recollidas na PXA).

Ademáis destas actividades programadas, posiblemente xurdirán novas actividades, previsiblemente ofertadas polo Concello e/ou outras organizacións. A celebración das actividades que afectan a toda a Comunidade Escolar son:

1º Trimestre: Día das Bibliotecas Escolares (outubro), Samaín (outubro), Magosto (novembro), Nadal (decembro).

2º Trimestre: Día da Paz (xaneiro), Entroido (febreiro), día Internacional da Muller Traballadora (marzo), semana da prensa.

3º Trimestre: Semana do libro, Letras Galegas.

Polo que respecta ás actividades **extraescolares**, destacamos:

- As actividades levadas a cabo polo Concello, ANPA, asociacións deportivas.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN.

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse tanto a práctica docente

como o proceso de ensino:

Práctica docente:

- Organización e coordinación do equipo: Grao de definición. Distribución de responsabilidades.
- Participación: ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e implicación dos pais. Relación entre os membros da comunidade educativa.

Proceso de ensino:

- Planificación de tarefas: Dotación de medios e tempos. Distribución de medios e tempos.
- Selección do modo de elaboración.

Avaliación da programación:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

A avaliación será continua; revisarase trimestralmente os anteriores indicadores para realizar as modificacións oportunas.